



## Convocatoria do XXIV Concurso de Contos de Cerdido “Manuel Otero Pazos”

Co gallo da celebración do día do libro, o vindeiro día 23 de abril de 2024 e motivado na necesidade de fomentar a lectura entre tódolos veciños e recuperar as lendas e contos do concello, potenciando a creatividade e a capacidade narrativa da xente, o Concello de Cerdido convoca o XXIV Concurso de Contos de Cerdido.

Este certame que leva xa XXIII edicións a partir deste ano tomará o nome dun antigo mestre e director do colexio CEIP da Barqueira, xa falecido, e pasará a denominarse: “Concurso de Contos de Cerdido: Manuel Otero Pazos”, en homenaxe a este profesor que marcou a vida de moitos alumnos e alumnas que pasaron polas súas aulas e que modificou para sempre a historia desta pequena escola do rural, adicándolle gran parte da súa carreira profesional durante a súa longa traxectoria.

### BASES:

**Primeira.** Poderán participar no concurso tódalas persoas interesadas, calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que presenten contos, lendas ou historias que narren sobre o concello de Cerdido. As obras poderán estar escritas en castelán ou en galego e ser lendas reais ou historias ficticias creadas polas persoas participantes. Os contos ou historias terán que ser obras inéditas e non premiadas con anterioridade noutra edición anterior deste concurso.

**Segunda.** Haberá dúas modalidades de premio:

A.- Categoría infantil. Poderán participar tódolos nenos e nenas de ata 14 anos matriculados e cursando estudos no CEIP da Barqueira na data da convocatoria do concurso. Esta categoría subdividirase segundo as idades dos e das participantes e os premios serán os que se especifican a continuación.

Subcategoría	Premios	Valor do premio
Infantil	1º premio conxunto	Vale conxunto de 40 € para material escolar para o curso de Infantil
1º e 2º curso de primaria	1º premio	Vale de 40 € para material escolar
	2º premio	Vale de 30 € para material escolar
	3º premio	Vale de 20 € para material escolar
3º e 4º curso de primaria	1º premio	Vale de 40 € para material escolar
	2º premio	Vale de 30 € para material escolar
	3º premio	Vale de 20 € para material escolar
5º e 6º curso de primaria	1º premio	Vale de 40 € para material escolar
	2º premio	Vale de 30 € para material escolar
	3º premio	Vale de 20 € para material escolar



## Concello de Cerdido

As Felgosas, s/n, A Barqueira

15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org)

[correo@cerdido.es](mailto:correo@cerdido.es)



B.- Categoría adulta. Poderá participar calquera persoa maior de 14 anos empadroada en Cerdido e o premio consistirá nun lote de libros.

**Terceira.** As obras serán de extensión libre ata un máximo de catro folios en tamaño DIN A4, a unha soa cara, numerados, grampados ou encadernados. As obras presentaranse baixo un título e acompañaranse dun sobre pechado no que constará o título da obra, nome e apelidos do autor, domicilio, idade, curso escolar no que está matriculado neste curso 2023/24 de ser o caso e un número de teléfono ou enderezo electrónico de contacto.

**Cuarta.** O prazo de recepción das obras rematará o día 15 de abril de 2024 e deberán remitirse ao Concello de Cerdido nun sobre pechado por correo postal ao enderezo: Felgosas, s/n, 15569, A Barqueira, Cerdido, ou de xeito presencial nas oficinas municipais, indicando en calquera das modalidades “XXIV Concurso de contos do Concello de Cerdido: Manuel Otero Pazos”.

**Quinta.** O xurado estará presidido polo Sr. Alcalde do Concello e formaran parte del dúas persoas máis. Actuará como secretaria a da corporación ou a persoa en quen delegue. O xurado poderá declarar deserto algún premio no caso de que os traballos presentados non sexan da categoría suficiente como para conceder un premio.